

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓN

EXPEDIENTE: <u>LU99040:5</u>
SITUACIÓN: <u>A GRANDA. AGRUPACION ESCOLAR, 5 - ALFOZ</u>

Por resolución da xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo de data 03 de xullo de 2015 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU99040:5, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don JOSE MANUEL OTERO MONTERO, nº de credencial 71.992, unha vez comprobado o cumprimento, pola unidade familiar que el encabeza, dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial en Lugo

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.
2. Declarar directamente adquirentes a don JOSE MANUEL OTERO MONTERO e MARÍA ISABEL PALACIOS DÍAZ, nº credencial 71992.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da **Lei 30/1992**, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 23 de xullo de 2015.

O xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Carlos Vila Pérez